

MPN/plc

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN
MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA
23/09/2022**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
SUPLENTE	D ^a . Olga María García Ballesteros
VOGAIS:	D ^a . Ana María Mejías Sacaluga D. Gorka Gómez Díaz D ^a . Raquel Giráldez Armas D. Manuel González Martínez D. Gregorio Agís Gómez D ^a . M ^a Victoria Alonso Méndez, en substitución de D ^a . Iria Lamas Salgueiro D. José Carlos López Campos D. Jorge Cubela López D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso D ^a . María Paz Lago Martínez D. Ignacio Maril Pardo D. José Alfonso Marnotes González D. Javier Tourís Romero D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo D ^a . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e tres de setembro do ano dous mil vinte e dous, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión extraordinaria celebrada o seis de setembro do ano dous mil vinte e dous co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A ANÁLISE DO IMPACTO TERRITORIAL SOBRE A ÁREA TRANSFRONTEIRIZA PROVINCIAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA INTERREG ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) NOS PERÍODOS 2007-2013 E 2014-2020. (Expte. 2022055337)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Universidade de Vigo para a análise do impacto territorial sobre a área transfronteiriza provincial, dos programas de cooperación transfronteiriza Interreg España-Portugal (POCTEP) nos períodos 2007-2013 e 2014-2020.” (Expte. 2022055337)

ANTECEDENTES:

- *No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Universidade de Vigo, desexan establecer as pautas de colaboración para realizar o “ANÁLISE DO IMPACTO TERRITORIAL SOBRE A ÁREA TRANSFRONTEIRIZA PROVINCIAL, DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA INTERREG ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) NOS PERÍODOS 2007-2013 E 2014-2020”.*
- *A realización desta análise servirá para apoiar documentalmente e de xeito científico, a necesidade de aumentar o destino dos fondos POCTEP destinados a financiar proxectos territorializados de base local na zona máis fronteiriza, para corrixir deste xeito as consecuencias negativas do efecto fronteira que aínda persisten nos territorios e concellos da raia.*
- *A Deputación poderá utilizar a información científica obtida na elaboración de candidaturas a programas operativos no marco financeiro europeo, tanto no vixente período (2014-2020) no que se abriu unha 6ª convocatoria extraordinaria para capitalización de resultados de proxectos con un alto grado de execución, como no vindeiro período (2021-2027). O programa operativo para o período 2021-2027 foi presentado á*



Comisión Europea pola Autoridade de Xestión o 31/03/2022, polo que pronto estará aberto o prazo para presentación de candidaturas.

- *O obxecto do presente convenio ten por tanto, un encadramento claro nas políticas públicas desenvolvidas pola Deputación nos últimos anos en canto á promoción e desenvolvemento local do territorio provincial fronteirizo con Portugal , aproveitando o feito transfronteirizo como recurso e oportunidade para a mellora social e económica da poboación dos municipios que dito territorio transfronteirizo abarca.*
- *En data 02/08/2022 a Universidade de Vigo, mediante rexistro de entrada nº WEB 2022043166, presenta na Sede electrónica da Deputación unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración para realizar un análise do impacto territorial sobre a área transfronteiriza provincial, dos programas Interreg España-Portugal (POCTEP) nos períodos 2007-2013 e 2014-2020.. Asemade achégase unha memoria de execución do investimento cun orzamento total de 12.000.,00 €, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado nun 100% pola Deputación de Pontevedra, no exercicio 2022.*
- *Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.*
- *Tendo en conta todo o que antecede, dada conta da proposta de Convenio, e visto o informe da Xefa de Servizo de Cooperación no relativo ó interese público dos investimentos, o informe non preceptivo da Secretaría Xeral e o informe da Intervención Provincial, no que se manifesta a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 22/942.9431.453.94 “Convenios con Universidades, proxectos transfronteirizos” do orzamento provincial.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*



- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación.*

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- *Artigo 36.1.d) da LRBRL, que atribúe ás Deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Pola súa parte, o artigo 109 da LALGA encoméndalles en xeral as deputacións, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia do convenio

- *Artigos 47 e seguintes da LRXSP que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*



- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 de Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cun contido non comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servicios Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que na súa virtude a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención; neste senso o artigo 22.2 sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. No presente convenio xustifícase o interese público desta actuación en base ás competencias da Deputación en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, tendo como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio municipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia, conforme o establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E especificamente o artigo 36.1.d) que establece como competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas demais Administracións Públicas neste ámbito.*
- *Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións, ó interese público que representa esta actuación e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra, conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións para levar a cabo a análise do impacto territorial sobre a área transfronteiriza provincial, dos programas de cooperación transfronteiriza Poctep.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.



A Universidade de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A ANÁLISE DO IMPACTO TERRITORIAL SOBRE A ÁREA TRANSFRONTEIRIZA PROVINCIAL, DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA INTERREG ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) NOS PERÍODOS 2007-2013 E 2014-2020”.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, en virtude do establecido na base 16ª.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedinte co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, de Secretaría Xeral, e da Intervención Provincial; sométese a ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, a seguinte proposta de resolución:

- *APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A ANÁLISE DO IMPACTO TERRITORIAL SOBRE A ÁREA TRANSFRONTEIRIZA PROVINCIAL, DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA INTERREG ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) NOS PERÍODOS 2007-2013 E 2014-2020”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:*

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A ANÁLISE DO IMPACTO TERRITORIAL SOBRE A ÁREA TRANSFRONTEIRIZA PROVINCIAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA INTERREG ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP), NOS PERÍODOS 2007-2013 E 2014-2020.

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo



34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

E doutra D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº110/2022, de 9 de xuño, publicado no DOG de 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e os artigos 1.5 e 16 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, art.29 (DOG Núm. 38, do 22 de febreiro de 2019).

E actuando D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Todas ás partes se recoñecen mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente instrumento e, a tal efecto,

MANIFESTAN

Primeiro.- *Que a Universidade de Vigo é unha entidade de Dereito Público con personalidade e capacidade xurídica plenas e patrimonio propio, que realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, asumindo e desenvolvendo as súas funcións ao servizo da sociedade entre as que se atopan a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.*

Segundo.- *Que a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, pon a estas institucións ao servizo da sociedade atribuíndolles, entre outras, funcións de creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura así coma de difusión, valorización e transferencia do coñecemento ó servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico.*

Terceiro.- *Que a Deputación é a entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro da esfera das súas competencias, que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial*



dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia de conformidade ao establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E, especificamente, o artigo 36.1.d) establece que a deputación é competente en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Cuarto.- *O obxectivo do convenio a desenvolver é avaliar o impacto territorial do Programas de Cooperación Transfronteiriza España Portugal (POCTEP) nos períodos 2007-2013 e 2014-2020, nos concellos da área transfronteiriza da provincia de Pontevedra.*

A realización desta análise servirá para apoiar documentalmente e de xeito científico, a necesidade de aumentar o destino dos fondos POCTEP destinados a financiar proxectos territorializados de base local na zona mais fronteiriza, para corrixir deste xeito as consecuencias negativas do efecto fronteira que aínda persisten nos territorios e concellos da raia.

A Deputación poderá utilizar a información científica obtida na elaboración de candidaturas a programas operativos no marco financeiro europeo, tanto no vixente período (2014-2020) no que se abriu unha 6ª convocatoria extraordinaria para capitalización de resultados de proxectos con un alto grado de execución, como no vindeiro período (2021-2027). O programa operativo para o período 2021-2027 foi presentado á Comisión Europea pola Autoridade de Xestión o 31/03/2022, polo que pronto estará aberto o prazo para presentación de candidaturas.

O obxecto do presente convenio ten por tanto, un encadramento claro nas políticas públicas desenvolvidas pola Deputación nos últimos anos en canto á promoción e desenvolvemento local do territorio provincial fronteirizo con Portugal, aproveitando o feito transfronteirizo como recurso e oportunidade para a mellora social e económica da poboación dos municipios que dito territorio transfronteirizo abarca.



Por tal motivo, as dúas partes, Deputación de Pontevedra e Universidade de Vigo acordan subscribir o presente Convenio Específico de Colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

As partes asinantes subscriben este convenio co obxectivo de realizar un estudo que consta das seguintes fases:

- 1. Construción da base de datos e definición das variables de análise, a partir da información oficial*
- 2. Determinación do impacto dos proxectos POCTEP nas NUTS ES- 114 Pontevedra e PT-111 Alto Minho.*

O traballos serán desenvolvidos polo Grupo de investigación IC2 da Universidade de Vigo, que consta de 15 investigadores. O traballo será coordinado polos profesores Carlos María Fernández- Jardón Fernández, catedrático de Economía Aplicada, e Francisco Xavier Martínez Cobas, profesor titular de Economía Financeira e Contabilidade.

Segunda.- Orzamento

*O orzamento de gastos das actividades a desenvolver é de **12.000,00 € (doce mil euros)** desagregados segundo consta no anexo I.*

COMPROMISOS DA DEPUTACION

Terceira.- Financiamento da actividade

*1. A Deputación de Pontevedra contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **12.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 100%.*

No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe, da cantidade efectivamente xustificada.



2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **22/942.9431.453.94 “Convenios con Universidades, proxectos transfronteirizos”**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

3. As achegas realizadas para a realización destas actividades son compatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que as entidades signatarias obteñan para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

4. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Cuarta.- Pagamento e xustificación da actividade

1. A Deputación comprométese a librar os fondos establecidos na cláusula terceira da seguinte forma e nos seguintes prazos:

- **100 % do financiamento seralle transferido á UVIGO despois da presentación da seguinte documentación:**
 - *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos*
 - *Facturas ou copias das facturas cotexadas ou dos documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo ou os documentos xustificativos pertinentes.*
 - *Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada*
 - *Certificación de gastos polo órgano competente que conteña unha relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado no anexo I, non podendo ser estas superiores ao 20 % do consignado para ese concepto de gasto no orzamento.*



- *Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente.*
- *Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula VIII*
- *Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.*
- *Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.*

2. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Vigo.

COMPROMISOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Quinta.- Contratación e execución

1. Corresponderalle á UVIGO o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a UVIGO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

Sexta.- Publicidade do financiamento provincial

1. A UVIGO fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación nos documentos e informes que se redacten, nas entrevistas e encontros que se celebren e nas publicacións divulgativas ou científicas que se deriven das mesmas, así como na publicidade que con tal motivo se faga.

2. Coa conta xustificativa chegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

Sétima.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

*1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, se realizan dende a data da sinatura deste convenio e terán **unha duración de tres meses** e deberán estar rematadas polo menos quince días antes do*



vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décima terceira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a UVIGO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula cuarta no prazo máximo de quince días contado a partir da finalización daquelas.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UVIGO para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UVIGO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 25ª (6º a 7º) das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UVIGO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UVIGO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, devengados desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Oitava.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

1. A UVIGO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.



2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

Novena.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A UVIGO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos gastos que se acheguen coa xustificación de gasto presentada.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

Décima.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UVIGO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UVIGO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

3.- Do mesmo xeito e consonte o artigo 53.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, comunicaranse ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, segundo corresponda, as modificacións,



prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

Décima primeira.- Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se de vindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Base 25ª.14ª das de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas

Décima segunda.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UVIGO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería



de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UVIGO será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Décima terceira.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

*1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ate o **31/12/2022**.*

2. Logo da solicitude previa da UVIGO, realizada polo menos un mes antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

Décima cuarta.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de Execución do orzamento da Deputación de Pontevedra. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público e demais normativa de aplicación.



2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao/á Presidente/a da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Décimo quinta.- Comisión de Seguimento e control

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Institucións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do axuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propor ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións



terán lugar no Pazo Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Décima sexta.- Resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

E para que conste, para os efectos oportunos e en proba de conformidade, as partes asinan este protocolo de colaboración por duplicado e a un só efecto no lugar e data arriba indicados.

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

*O Reitor Magnífico da Universidade de
Vigo*

Asdo.: María del Carmen Silva Rego

Asdo.: Manuel Reigosa Roger

O Secretario da Deputación,

Asdo: Carlos Cuadrado Romay



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A
ANÁLISE DO IMPACTO TERRITORIAL SOBRE A ÁREA
TRANSFRONTEIRIZA PROVINCIAL DOS PROGRAMAS DE
COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA INTERREG ESPAÑA-
PORTUGAL (POCTEP), NOS PERÍODOS 2007-2013 E 2014-2020
ANEXO I**

Orzamento

O resumo da distribución do orzamento é a seguinte:

	<i>Custo (IVE engadido)</i>	<i>% de IVE</i>	<i>Custo subvencionable</i>
<i>A) Soldos e salarios (4 meses)</i>	<i>3.200,00 €</i>		<i>3.200,00 €</i>
<i>B) Creación Base de Datos e Análise documental programas POCTEP</i>	<i>7.018,00 €</i>	<i>21</i>	<i>5.800,00 €</i>
<i>B) Mobilidades en áreas transfronteirizas</i>	<i>1.980,00 €</i>	<i>10</i>	<i>1.800,00 €</i>
<i>D) Custos indirectos</i>	<i>1.200,00 €</i>		<i>1.200,00 €</i>
TOTAL Custo	13.398,00 €		12.000,00 €"



- *A APROBACIÓN deste convenio de colaboración someteuse o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.*
- *DARLLE TRASLADO da presente resolución á Universidade de Vigo, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia”.*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

3.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE SANXENXO PARA EXECUCION DENOMINADA “ACTUACIÓN INTEGRAL DE MELLORA DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DO CEIP PORTONOVO” AO ABEIRO DO PLAN DEPO-REMSE (Expte. 2018042965)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación.

“ASUNTO: PRESTAR CONDORMIDADE A PETICIÓN DE AMPLIAR O PRAZO DE REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN DENOMINADA “ACTUACIÓN INTEGRAL DE MELLORA DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DO CEIP PORTONOVO” AO ABEIRO DO PLAN DEPO-REMSE (Expte.-2018042965)

ANTECEDENTES

1.- Por acordo núm. 5.7099 do Pleno de data 06/04/2018 a Deputación de Pontevedra aprobou as Bases Reguladoras do “Plan de Remodelación e mellora de seguridade dos viarios municipais (PLAN DEPOREMSE)”, sendo publicadas no BOPPO núm. 74 de 17/04/2018. A finalidade deste plan era dar axudas económicas a través do procedemento de concorrència competitiva para dar cumprimento a un dos obxectivos da Deputación, o desenvolvemento dunha mobilidade sustentábel que priorize a seguranza e a mobilidade peonil en calquera estrada, e o investimento no deseño de infraestruturas viarias para acadar máis habitabilidade, seguranza e unha correcta accesibilidade, sobre todo nos centros de uso social e de actividade económica.



2.- O concello de Sanxenxo participou neste Plan co investimento “Actuación integral de mellora da mobilidade e seguridade viaria contorna do CEIP Portonovo (Expte.-2018042965) solicitando unha subvención de 500.000,00 euros sobre un orzamento de 833.633,18 euros, pero foi excluído por acordo núm. 2.7175 do Pleno do día 28/09/2018. O Concello, disconforme con esta decisión a impugnou, ditándose sentenza favorable nº 169/2019 de data 04/07/2019 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, acordando retrotraer o procedemento ao inmediatamente anterior á resolución anulada. Esta sentenza foi confirmada en apelación polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en data 17/06/2020 número de resolución 158/2020 e número de recurso 406/2019.

3.- Por acordo núm. 6.7436 do Pleno de data 24/04/2020 a Deputación aproba unha prórroga na execución e xustificación das subvencións concedidas ao abeiro do Plan DEPOREMSE, de modo que os prazos iniciais de execución e xustificación que remataban en 30 de xuño de 2020 e 31 de outubro de 2020 respectivamente, pasan a ser ata o 31/05/2021 para executar e ata o 31/09/2021 para xustificar. As razóns da prórroga gravitaban en esencia pola pandemia e a declaración do estado de alarma que viu a suspender e interrompir os prazos administrativos con carácter xeral na Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

4.- Por Decreto do Letrado da Administración de Xustiza de data 13/11/2020 a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza nº 158/2020 é declarada firme, polo que a Deputación procede a execución da resolución xudicial, aprobando por acordo nº 15.29817 da Xunta de Goberno de 22/01/2021 conceder ao concello de Sanxenxo unha subvención de 500.000 euros para o investimento “Actuación integral mellora mobilidade e seguridade viaria contorna CEIP Portonovo” (expte.- 2018042965) para un orzamento de 833.633,18 euros, sendo cofinanciado o importe restante de 333.633,18 euros polo propio concello. O convenio de colaboración entre a Deputación e o concello de Sanxenxo para este investimento é asinado en data 22/01/2021.

5.- Este Convenio di na cláusula terceira que “en todo caso o prazo máximo de execución será idéntico o concedido para o resto de expedientes executados no marco do Plan DEPOREMSE é dicir, un máximo de 19 meses a contar desde a sinatura do convenio, e seguindo o mesmo criterio, o prazo de xustificación será de 4 meses desde a súa finalización”. É dicir, a actuación do concello de Sanxenxo tiña que ter executada a obra a 22/08/2022 e a 22/12/2022 xustificada.

6.- Non obstante, a cláusula cuarta do Convenio tamén establece que “en todo caso nun prazo máximo de 23 meses desde a sinatura do convenio as actuacións realizadas deben estar totalmente finalizadas e xustificadas”. Polo tanto a 22/12/2022 o investimento ten que estar totalmente finalizado e executado, pois “o incumprimento destes prazos dará lugar no inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial de subvención”.

7.- Por rexistro web2022045815 de data 19/08/2022 o concello de Sanxenxo manifesta a execución da obra se fixo a entidade mercantil NAROM S.L. e que ese día 19/08/2022 lle comunica a empresa adxudicataria por informe do director de obra a imposibilidade de acabala en prazo, entre outros avatares, polas consecuencias da invasión rusa de Ucraína, as medidas adoptadas pola Unión Europea en resposta a invasión, a folga de transporte, problemas de abastecemento e subministro de materiais dos provedores, en especial na



tubaxe de PVC e PE, e soldados en pedra granítica, desbordando así as capacidades razoables da administración municipal de planificación.

8.- Tamén invoca problemas de concertación cos horarios de acceso ao CEIP Portonovo que han de dar prioridade a mobilidade do alumnado, e as inmediateiros do mercado de abastos de Portonovo, ademais da afluencia masiva de turistas en época estival en Sanxenxo. Sumando as horas de calor intenso en xullo que dificultaban a normal execución. Polo que o Concello remata por pedir unha ampliación do prazo de execución de 22/08/22 ata o 22/10/2022, mantendo o prazo final de xustificación a 22/12/2022.

9.- Consta nas actuacións que conforman o expediente que para a execución do investimento era necesaria a autorización de Augas, do Servizo provincial de Costas e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), que o concello acadou para así proceder a aprobación do proxecto. Se ben a de Costas e de Augas son dadas *sine die*, a de AXI tivo que ser renovada por ter prazo de caducidade.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN DEPOREMSE.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Lei 9/2017 de contratos do sector público, de 8 de novembro.
- RD Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Tráfico, Circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- RD Legislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Infraccións e Sancións no Orde Social.
- R. Decreto-Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

1. - Artigo 19 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación que dispón que a instrución do procedemento de concesión de subvencións será realizada polo xefe ou xefa do servizo ao que lle corresponda a aplicación orzamentaria con cargo á que se financian os distintos programas de subvencións, agás que nas bases reguladoras da convocatoria se designe a outro.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

1. - Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
2. - Artigo 88.6da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

1.- O artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), establece que nas bases da convocatoria da subvención debe establecerse o prazo no que o beneficiario deberá de xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concede. Só son en principio subvencionables os gastos das actividades executadas nos prazos previstos nas bases (artigo 29.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia – LSG-). O seu incumprimento pode obrigar ao reintegro da subvención (artigo 37 LXS).

2.- O artigo 70 do Regulamento da LXS, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo, dispón que o órgano concedente da subvención poderá outorgar, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade do mesmo e sempre que con elo non se prexudique dereitos de terceiro. As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación son os establecidos no artigo 49 da Lei do Procedemento Administrativo Común 30/1992, hoxe artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

3.- O artigo 35.1.e) da citada Lei 39/2015 sinala que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os acordos de aplicación de ampliación de prazos. E a Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación apunta no artigo 25.2 que a Deputación Provincial poderá conceder, de oficio ou a petición das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, sempre que non exceda da metade destes e con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

4.- Cando se aprobou a prórroga do Plan DEPOREMSE había un escenario de pandemia, e xa se tiña asinado o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello, e sucedeu que con posterioridade sobreviñeron novas circunstancias de semellante distorsión na economía. A invasión rusa de Ucraína e as medidas sancionadoras da Unión Europea propiciou que o Consello de Ministros aprobase o 29/03/2022 o Plan Nacional de respostas ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína (R. Decreto-Lei 6/2022) para garantir as subministracións, protexer aos sectores produtivos máis afectados, baixar os prezos de combustibles e da electricidade, aprazar as cotas da Seguridade Social, dar axudas directas ao sector do transporte, e permitir unha revisión de prezos nos contratos de obras, entre outras medidas, para manter en resumidas contas a execución normal dos investimentos.

5.- O artigo 12 do RD Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido da Lei de tráfico e seguridade viaria, sinala que a realización de obras en vías debe ser comunicada con anterioridade ao seu inicio ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, no seu caso, a autoridade autónoma ou local responsable, a cal ditará as instrucións que resulten procedentes en relación á regulación, ordenación, xestión, e



vixilancia de tráfico, tendo en conta o calendario de restricións á circulación e as que se deriven doutras autorizacións á mesma.

6.- Consta nas actuacións que o proxecto de Sanxenxo precisa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para realizar tal investimento, e que se sitúan nas inmediacións de tráfico masivo como o mercado de Portonovo e do centro escolar CEIP, obviamente a administración municipal ha de cumprir coas instrucións que de mobilidade de a Secretaría de Estado de Seguridade. Pois a Instrución MOV/21 da Dirección de Tráfico obriga a comunicar antes as obras para que o órgano competente en seguridade vial de as instrucións oportunas de regulación, ordenación, xestión e vixilancia, xa que as restricións que se adopten han de ser obxecto de publicidade anticipada.

7.- En canto a ola de calor que se invoca como outras das causas para acceder a ampliación de prazo, cabe recordar que no Boletín de tempo meteorolóxico con avisos que publica a Axencia Estatal de Meteoroloxía AEMET, xunto con Meteogalicia, si que consta unha alerta de nivel 2 -vermella- para as rías baixas no mes de xullo, e que o RD Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de infraccións e sancións no orde social (LISOS), nos artigos 12.9 e 16.i) castiga como infracción grave superar no traballo os límites de exposición a axentes físicos ou ambientais nocivos.

8.- No seu momento no ano 2018, o Plan Depo-Remse foi pioneiro en tratar a mobilidade sustentábel, para *“permitir aos Concellos a remodelación das súas rúas e viarios a fin de facilitar a comunicación entre os espazos de emprego e dotacións de uso social, sanitario ou educativo así como para mellorar aqueles trazados que soportan unha alta densidade de tráfico tanto peonil como rodado”* dicía o seu preámbulo. Hoxe, catro anos despois, vista a Axenda 2030 e o Anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible, é esencial, pois se trata de evolucionar desde a política de transportes á política de mobilidade sostible de persoas e mercancías que ha de gardar relación coas políticas económicas, sociais e ambientais. Os poderes públicos han de asegurar que este novedoso dereito, o da mobilidade, se exercite en condicións de igualdade, e que a vez se constituía nunha ferramenta indispensable para o exercicio doutros dereitos constitucionais como son, entre outros, o dereito a libre circulación polo territorio nacional (artigo 19 CE), o dereito a educación (artigo 27 CE), o dereito ao traballo (artigo 35 CE), o dereito á protección da saúde (artigo 34 CE), o dereito a disfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo (artigo 45 CE).

9.- As administracións públicas están ao servizo dos cidadáns e traballan polo interese xeral, debendo cooperar unhas con outras e acordar de maneira voluntaria, a forma na que exercerán as súas competencias, emporiso visto a lexislación en cernes e o que no seu momento se asinou no convenio de colaboración entre o concello de Sanxenxo e a Deputación, caben entender que a petición de ampliación de prazo está totalmente fundamentada.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, no exercicio das competencias recollidas no art. 33 da LBRL, no artigo 70 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do orzamento para o exercicio 2022 número 16 punto 3, e vistos o informe da Xefa do Servizo de Cooperación de 16/09/2022 (CSV:ZOPSO2YERH8Z4BL7), e a dilixencia de conformidade da Intervención de 21/09/2022 (CSV:0DGGTIY0DLG6OPW6) sométese ao ditame da Comisión Informativa de



Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- PRESTAR CONFORMIDADE a ampliación de prazo de execución de obra na actuación do convenio de colaboración entre a Deputación e o concello de Sanxenxo para a execución denominada “*Actuación integral de mellora da mobilidade e seguridade viaria na contorna do CEIP Portonovo*” (Expte.-2021042965), que da data 22 de agosto de 2022 pasa á data 22 de outubro de 2022 como día final de realización, mantendo o prazo total de execución e xustificación de vinte tres meses dende a data de sinatura do devandito convenio de colaboración.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Sanxenxo, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia”.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

4.- DITAMINAR A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VIGO CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL RESPECTO DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430”. (Expte.2022059393).

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VIGO CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL RESPECTO DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430”

ANTECEDENTES

- *No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo teñen o obxectivo compartido de continuar coas amplas intervencións realizadas nos últimos anos*



nas vías públicas, nos tramos que transcorren tanto por espazos urbanos como por zona rural, consolidando un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos para a mellora da mobilidade aumentando así a seguranza viaria.

- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do servizo de Infraestruturas, e o concello de Vigo acordan celebrar un convenio de colaboración, prestando o Concello conformidade en acordo de Xunta de Goberno Local de 22 de xullo de 2022, para o investimento “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da entidade local menor de Bembrive, P.Q. 3+430”.
- En data 09/06/2022 os servizos técnicos da Deputación emiten informe favorable (CSV: TA4UFNA4IYZZ0NI8) sobre a xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre a prioridade das obras.
- Neste contexto, en data 16/09/2022 e nº de rexistro 2022021878, o Concello de VIGO solicita formalmente e en prazo a autorización da aplicación de crédito para a financiación das obrigas do Concello en relación co convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para a execución do investimento “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430”, que está a desenvolver o servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra.
- En data 23/09/2022 sométese a Xunta de Goberno a proposta de acordo de aprobación do citado convenio, cun orzamento de 233.587,12 euros, aportando a Deputación de Pontevedra para a súa financiación unha subvención de 163.510,98 euros, sendo a aportación municipal de 70.076,14 euros, tal é como establece a seguinte táboa:

DEPUTACION DE PONTEVEDRA	163.510,98 €
CONCELLO DE VIGO	70.076,14 €
TOTAL	233.587,12 €

- No convenio, cláusula terceira, establécese que a achega do Concello de Vigo, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, realizarase con cargo aos créditos que a Deputación Provincial ten previstos a través do programa de cooperación cos concellos para o desenvolvemento das actuacións no Concello de Vigo, con cargo á aplicación 22/942.9420.762.14.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)



- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)*
- *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra*

Consideracións Xurídicas

Competencia:

- *Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.*
- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*



- *Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente:

- *Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.*
- *Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.*
- *Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.*
- *Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.*
- *Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.*
- *Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.*
- *Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.*
- *Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.*
- *Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.*

Competencia para resolver:

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e na Base 16ª do Orzamento da Deputación Provincial do ano 2022 a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIONES

A solicitude do concello de VIGO relativa ao financiamento das súas obrigas en relación co convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo relativo a execución do proxecto "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430 ", que tramita o servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, foi presentada dentro de prazo, adáptase ás



consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 70.076,14 euros (anualidade 2022), cun orzamento total de 233.587,12 euros.

Visto que o obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables ao ser os servizos afectados no proxecto de titularidade municipal (alumeado público, o soterramento das redes de electricidade e telecomunicacións e o cambio da drenaxe).

Visto que o correspondente instrumento de colaboración que se vai a financiar a cargo dos INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA) non altera nin amplía no tempo os créditos orzamentarios que se reterán para realizar logo a xeración de crédito mediante os documentos contables pertinente.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe da xefa do servizo de Cooperación de data 19/09/2022 que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/09/2022, a XUNTA DE GOBERNO ACORDA_____:

- *CONCEDER ao concello de VIGO, CIF P3605700H a cantidade de 70.076,14 euros con destino ao financiamento da achega municipal do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo do investimento “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430 ” cun orzamento que ascende a 233.587,12 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:*

CONCELLO	ACTUACION	ORZAMENTO	SUBVENCION	OBSERVACIONS
VIGO P3605700H	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430 Exp: 2022022211 (Infraestructuras)	233.587,12 €	70.076,14 €	ACHEGA MUNICIPAL CONVENIO SE FINANCIA CON CARGO A PARTIDA INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA) anualidade 2022

- *AUTORIZAR e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9420.762.14 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente e realizaranse as oportunas operacións de formalización.*
- *Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido no convenio.*
- *A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto no*



Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo relativo á execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da E.L.M de Bembrive, P.Q. 3+340 ” e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- *Darlle traslado da presente resolución ao Concello de VIGO, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, Servizo de Infraestruturas e ao Gabinete da Presidencia. ”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

5.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA” PRESENTADO POLO CONCELLO DA CAÑIZA AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021039818)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA”, PRESENTADO POLO CONCELLO DA CAÑIZA AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021039818)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Cañiza con destino á execución da actuación denominada “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 689.048,95€ e a subvención concedida a 500.776,16€ (72,68%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 188.272,79€ (27,32%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000062 de 11/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 13/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo



órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Por acordo núm. 2.31187 da Xunta de Goberno do 28/01/2022 concedeuse unha subvención ao dito concello por importe de 188.272,79€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa REACPON.
- En data 08/02/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 678.713,21€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 10.335,74€ (1,5%), formalizándose o contrato administrativo o 13/04/2022.
- Na data 15/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro REX_2022021724 e REX_2022021725), entre outros documentos, a solicitude de modificación do contrato de obras do proxecto de rehabilitación enerxética da piscina da Cañiza, presentada pola dirección de obra (motivada na aparición de causas imprevistas durante a execución dos traballos), o proxecto modificado e a certificación do acordo de aprobación do proxecto modificado. O orzamento do novo proxecto ascende a 826.733,95€, o que supón un incremento de 137.685,00€ sobre o orzamento inicial (19,98% de incremento).
- Na data 19-09-2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. REX_2022021902, emendado con núm. REX_WEB2022049925) o compromiso de financiar, con recursos propios, o importe da modificación que non poida ser financiado co importe da baixa de adxudicación.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 19/09/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que a necesidade de incluír unha serie de cambios derivou de situacións sobrevidas durante a execución das obras, sen que se alteren os aspectos técnicos nin a superficie da actuación, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.
- Na data 20/09/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á aprobación do proxecto modificado.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.



- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación denominada "Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza", no marco do Programa REACPON, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola aparición, durante a execución dos traballos, de circunstancias sobrevidas que non se podían ter previsto.

Visto que o Concello asume o financiamento, mediante recursos propios, do importe que non pode financiarse contra a baixa de adxudicación. (O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 137.685,00 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 10.335,74€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 135.619,75€ que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante con fondos propios do Concello).

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.



Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 19/09/2022, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 19/09/2022 (CSV: 7GIG7Og4VPZQRHDF), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 19/09/2022 (CSV: 72AGVJ6ogU6T7OBo), e o informe de Intervención de 20/09/2022 (CSV:KWOZDKT2DMOo8WS6), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBACIÓN do proxecto modificado da actuación "EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA", presentado polo Concello da Cañiza ao abeiro do Programa ReacPon.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello da Cañiza, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia."

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

6.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN "REHABILITACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE DOZÓN" PRESENTADO POLO CONCELLO DE DOZÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021040019)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

"ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN "REHABILITACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE DOZÓN", PRESENTADO POLO CONCELLO DE DOZÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021040019)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Dozón con destino á execución da actuación denominada "Rehabilitación da casa consistorial do Concello de Dozón", segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).



- O orzamento do investimento ascendía a 405.381,92€ e a subvención concedida a 333.339,11€ (82,23%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 72.042,81€ (17,77%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2021007865 de 30/12/2021 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 11/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 07/02/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 391.900,00€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 13.481,92€ (3,33%), formalizándose o contrato administrativo o 21/02/2022.
- Na data 14/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro REX_WEB2022049381), o proxecto modificado da "Rehabilitación da casa consistorial do Concello de Dozón" (motivado pola necesidade de introducir cambios no proxecto orixinalmente presentado, debido a situacións sobrevidas durante a execución das obras, derivadas basicamente da antigüidade de case 50 anos do edificio e do incremento de prezos de determinados materiais), unha certificación do acordo de aprobación do dito proxecto e un compromiso de financiar, con fondos propios, o importe da modificación que non sexa posible financiar co importe da baixa. O orzamento do novo proxecto ascende a 466.052,90€, o que supón un incremento de 60.670,98€ sobre o orzamento inicial (14,97% de incremento).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 19/09/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que a necesidade de incluír unha serie de cambios derivou de distintas situacións sobrevidas durante a execución das obras, motivadas pola antigüidade de case 50 anos do edificio e polo incremento de prezos de determinados materiais, sen que se alteren os aspectos técnicos nin a superficie da actuación, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.
- Na data 20/09/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á aprobación do proxecto modificado.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

CONCLUSIÓN

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Dozón para a execución da actuación denominada "Rehabilitación da casa consistorial do Concello de Dozón", no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.



Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola aparición, durante a execución dos traballos, de circunstancias sobrevidas.

Visto que o Concello asume o financiamento, mediante fondos propios, do importe que non pode financiarse contra a baixa de adxudicación (O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 60.670,98€, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 13.481,92€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 58.653,23€ que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante con fondos propios do Concello).

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 19/09/2022, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 19/09/2022 (CSV: 7GIG7O94VPZQRHDF), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 19/09/2022 (CSV: JMUD36HWSTIHgUSF), e o informe de Intervención de 20/09/2022 (CSV: P6K5Kl2D81AO4L2J), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBACIÓN do proxecto modificado da actuación "REHABILITACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE DOZÓN", presentado polo Concello de Dozón ao abeiro do Programa ReacPon.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Dozón, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia."

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

7.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN "CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CEIP RAMIRO SABELL DE PONTEAREAS" PRESENTADO POLO CONCELLO DE PONTEAREAS AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021040010)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización,



funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CEIP RAMIRO SABELL DE PONTEAREAS”, PRESENTADO POLO CONCELLO DE PONTEAREAS AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021040010)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Ponteareas con destino á execución da actuación denominada “Camión escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Ponteareas”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de outubro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 963.527,36€ e a subvención concedida a 722.645,52€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 240.881,84€ (25%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000418 de 24/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 08/02/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Por acordo núm. 21.31265 da Xunta de Goberno do 11/02/2022 concedeuse unha subvención ao dito concello de 240.881,84€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon.
- En data 07/04/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 730.642,81€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 232.884,55€ (24,17%), formalizándose o contrato administrativo o 13/04/2022.
- Na data 20/07/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040903) a solicitude de autorización para a redacción dun proxecto modificado presentada no rexistro do Concello polo director de obra debido á *“necesidade de incluír unha serie de obras de redes de infraestruturas subterráneas de saneamento, electricidade, rede de alumeadado público, abastecemento e rego que, non estando contempladas inicialmente no proxecto, considéranse necesarias por parte da concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas. E debido ao seu estado e carencias detectadas por parte do coordinador da área de urbanismo, obras públicas e servizos do concello de Ponteareas propónse a súa subsanación aproveitando a execución destas obras para non aumentar o perxuízo da veciñanza ao executalas no menor espazo de tempo posible e ao*



interese xeral de que, unha vez realizadas as novas pavimentacións, non se teña necesidade de levantar a rúas nos vindeiros anos coa incorporación ou modificación de instalacións deixando as novas actuacións en perfecto estado de finalización. Así mesmo considerouse por parte do coordinador da área de urbanismo, obras públicas e servizos do concello de Pontearreas, o reforzo de firmes e o aumento de superficie formigonada polas novas necesidades de mobilidade propostas e pola mellora das necesidades actuais de alumeadado público e da iluminación nocturna” e unha certificación do acordo de autorización para a redacción dun proxecto modificado e da solicitude á Deputación de que o modificado se faga con cargo ao remanente xerado como consecuencia da baixa de adxudicación, facéndose cargo o Concello da contía que supere o indicado remanente. Na data 31/08/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022047013), entre outros documentos, o proxecto modificado (emendado na data 20/09/2022 (núm. rexistro WEB2022050119), e a certificación do acordo de aprobación do dito proxecto (esta última, emendada na data 19/09/2022 (núm. rexistro WEB2022049879) . O orzamento do novo proxecto ascende a 1.273.347,25€, o que supón un incremento de 309.819,89€, resultando un 32,15% sobre o orzamento inicial.

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 19/09/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que, tras o inicio das obras, xurdiu a necesidade de incluír unha serie cambios nas redes de infraestruturas subterráneas de saneamento, electricidade, rede de alumeadado público, abastecemento e rego, que non estaban contempladas inicialmente no proxecto, que por parte do Concello se considerou o reforzo de firmes e o aumento da superficie de formigón polas novas necesidades de mobilidade propostas e pola mellora das necesidades actuais de alumeadado público e da iluminación nocturna, e que non se alteran os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.
- Na data 20/09/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á aprobación do proxecto modificado.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo



que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponteareas para a execución da actuación denominada "Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Ponteareas", no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado na necesidade de incluír unha serie cambios nas redes de infraestruturas subterráneas de saneamento, electricidade, rede de alumeadado público, abastecemento e rego, que non estaban contempladas inicialmente no proxecto, e que tamén se considerou por parte do Concello o reforzo de firmes e o aumento da superficie de formigón polas novas necesidades de mobilidade propostas e pola mellora das necesidades actuais de alumeadado público e da iluminación nocturna.

Visto que o Concello asume o financiamento, mediante fondos propios, do importe que non pode financiarse contra a baixa de adxudicación. O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 309.819,89 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 232.884,55€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 234.936,41 € que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante con fondos propios do Concello)

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se



prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 19/09/2022, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 19/09/2022 (CSV: 7GIG7O94VPZQRHDF), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 20/09/2022 (CSV: 8K16B9B33VIRGWPN), e o informe de Intervención de 20/09/2022 (CSV: O9M27ST1B6LYNNWE), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBACIÓN do proxecto modificado da actuación "CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CEIP RAMIRO SABELL DE PONTEAREAS, presentado polo Concello de Ponteareas ao abeiro do Programa ReacPon.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Ponteareas, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia."

Antes de proceder a votación, o Deputado do Partido Popular D. Alejandro Lorenzo Alonso solicita que se incorpore no expediente do Pleno a titularidade da obra referenciada *ut supra*.

De seguido, se somete a votación este asunto que a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e a abstención do Grupo Provincial do Partido Popular.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA DESTINAR ÍNTEGRAMENTE AO PLAN CONCELLOS O INCREMENTO DE INGRESOS POR PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:

"O grupo provincial do Partido Popular, e no seu nome o deputado Jorge Cubela López, ante o pleno da Deputación de Pontevedra presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO PROVINCIAL POPULAR DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA DESTINAR ÍNTEGRAMENTE AO PLAN CONCELLOS O INCREMENTO DE INGRESOS POR PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO



A enorme inflación que estamos a sufrir deixou nas arcas do Estado ata o mes de xullo 22.200 millóns de euros máis que en 2021. Os ingresos por impostos subiron un 18% nos sete primeiros meses do ano pola maior recadación do IVE e do IRPF.

Soubemos que durante a última reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) informouse á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) que as entregas a conta pola participación das Entidades Locais nos tributos do Estado crecerán en 2023 un 3% respecto ao presente ano. Iso suporá un incremento do financiamento da Deputación de Pontevedra, a través da participación de tributos do Estado, en máis de 130 millóns de euros.

Ademais, o próximo exercicio calcularase a liquidación do ano 2021, un segundo ingreso que, unha vez incorporado, fará crecer o financiamento das Entidades Locais en 2023 un 5%, alcanzando 23.035 millóns de euros, cun aumento de 1.100 millóns sobre 2022.

Doutra banda, a taxa de referencia para os Gobernos Locais en 2023 é un superávit do 0,1% do PIB, unha décima por baixo da estimada no Programa de Estabilidade, o que representa unha maior marxe de gasto e de investimento para as entidades locais.

Segundo os datos do Ministerio de Facenda, polo tanto, a Deputación de Pontevedra vai recibir para o ano 2023 un 5% máis de transferencias, polo que o Estado de Ingresos do Orzamento 2023 aumentará aproximadamente 7 millóns de euros, un incremento que é absolutamente vital que sexa trasladado ós municipio da provincia.

A transcendencia desta sobrerrecadación é enorme se temos en conta que a PTE e o Fondo Complementario de Financiamento supoñen practicamente o 75% dos ingresos da nosa entidade provincial. Pero tamén temos que ter en conta que esa sobrerrecadación non se produce pola mellora da situación económica xeral, se non que se está a soportar no maior esforzo dos nosos veciños e veciñas polo incremento do coste da vida.

Neste sentido, é a nosa obriga garantir que ese incremento de fondos produto da sobrerrecadación que está a cargar sobre as familias e as empresas da provincia se lles devolva en servizos e que se faga a través dos pequenos concellos, que son os que mais están sufrindo as consecuencias da crise e nos que o impacto directo deses ingresos nas súas contas polas transferencias que lle fai o estado é moito menor. Dese xeito, a deputación cumprirá a súa obriga de garantir a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

Os concellos, como tamén pasa nos fogares, están padecendo un incremento desproporcionado do gasto corrente e unha subida do 100% da electricidade, o que provoca que teñan falta de liquidez e dificultades para pagar en prazo facturas, entre os que se atopan pequenos empresarios e autónomos. Necesitan axuda para facer fronte a todos os servizos básicos que non presta a Deputación e incluso hai concellos que xa teñen que renunciar a investimentos e subvencións.



Por todo o anterior, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Destinar ao Plan Concellos 2023 a cantidade íntegra do incremento da participación nos tributos do Estado que perciba a entidade provincial

Pontevedra, 20 de setembro de 2022 ”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina desfavorablemente a referida moción cos votos en contra dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8) e do Grupo Provincial do BNG (2), e os votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á CREACIÓN DO FONDO FINANCEIRO EXTRAORDINARIO DE ANTICIPOS REINTEGRABLES

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:

“O grupo provincial do Partido Popular, e no seu nome o deputado Jorge Cubela López, ante o pleno da Deputación de Pontevedra presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte

MOCIÓN PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA Á CREACIÓN DO FONDO FINANCEIRO EXTRAORDINARIO DE ANTICIPOS REINTEGRABLES

Os concellos pontevedreses, especialmente os máis pequenos, sofren con frecuencia dificultades para dispoñer dos recursos económicos necesarios para facer fronte a necesidades de liquidez inmediata para atender necesidades dos veciños ou para facer as aportacións que lles corresponden cando optan a participar en programas de financiación de servizos e infraestruturas postos en marcha por outras administracións.

Na Deputación de Pontevedra, a colaboración neste sentido cos concellos, mantívose durante anos un plan propio ó que os municipios podían acudir de forma extraordinaria para facer fronte



ás súas necesidades extraordinarias, financiar compromisos de gasto cando os fondos propios son insuficientes, ou investimentos para cofinanciar subvencións doutras administracións.

Á vista de que os concellos da provincia de Pontevedra só contan co Plan Concellos a través da deputación provincial como único instrumento de cooperación para financiar calquera investimento, iniciativa ou mellora de bens e servizos de titularidade municipal, a institución provincial debe responder con todo o seu apoio ao seu alcance ás solicitudes dos concellos, polo que o Grupo Provincial do PP, considera preciso que a Deputación de Pontevedra, na liña na que xa traballan outras (Sevilla, Huelva, etcétera), proceda a constituír un Fondo Financeiro Extraordinario de Anticipos Reintegrables destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes.

Este fondo cuxa creación propón o Grupo Provincial do PP regularase mediante unhas bases, que deberán ser negociadas e aprobadas por consenso cos concellos, que determinarán as condicións da convocatoria das aportacións, cunha cantidade máxima por municipio. Á vista das necesidades dos concellos, non é arriscado supoñer que serán moitos os concellos que presenten solicitudes para optar a recursos deste fondo.

Unha fonte de financiación provincial que lle permitirá aos concellos acceder a máis subvencións, investimentos e operacións de crédito e tesourería, en igualdade de condicións que os concellos grandes, e tamén poder facelo sen custos engadidos ou intereses.

Segundo o art. 36.1.b) da LRBRL as deputacións teñen outorgadas as funcións de cooperación e asistencia aos municipios, asegurando especificamente naqueles de menor capacidade económica e de xestión, a prestación daqueles servizos municipais de carácter obrigatorio.

É un feito que o gran papel da Deputación debe ser a cooperación cos concellos. A creación deste fondo constituirá un paso relevante na consecución de ferramentas para materializar tal cooperación.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

1. Acordar a constitución cos recursos propios da Deputación dun Fondo Financeiro Extraordinario de Anticipos Reintegrables (FEAR) destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes.
2. Elaborar, consensuadamente, as bases, con criterios obxectivos, polas que se rexerá a convocatoria da concesión dos anticipos reintegrables aos concellos por medio do Fondo.



Pontevedra, 20 de setembro de 2022 ”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina desfavorablemente a referida moción cos votos en contra dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8) e do Grupo Provincial do BNG (2), e os votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dezaioito minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,
(documento asinado electronicamente)
Marina Piñeiro Novo

